

QUE A ENFERMIDADE NON ME DESCONECTE:
O EMPREGO DOS DDMM E DA APRENDIZAXE COOPERATIVA NA
ATENCIÓN DOMICILIARIA



Abril 2016

INDICE

- 1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.**
- 2. RELACIÓN COAS COMPETENCIAS CLAVE E COS OBXECTIVOS.**
- 3. PROPOSTA DE TRABALLO E DESENVOLVEMENTO.**
- 4. REFLEXIÓNS FINAIS.**
- 5. BIBLIOGRAFÍA E WEBGRAFÍA.**

1- INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.

O primeiro co que nos atopamos cando lemos sobre Atención Domiciliaria, é esta definición sacada da páxina 35 do libro editado pola Xunta de Galicia sobre a Atención Educativa Hospitalaria e Domiciliaria en Galicia:

*“Responde a esta denominación a atención educativa que recibe o alumnado cando, **despois de padecer unha enfermidade ou de sufrir un accidente**, e por prescripción facultativa, deba permanecer convalecente no domicilio familiar , sen poder asistir ao centro educativo durante un período de tempo superior a un mes.*

O servizo de atención educativa domiciliaria está concibido para aquel alumnado q ue estea matriculado en niveis do ensino obrigatorio en réxime xeral, aínda que se poderá atender o alumnado de educación infantil e secundaria postobrigatoria se o caso o require e se se dispón dos recursos necesarios. “

Lendo máis polo miúdo a definición, fala dela como a atención que os alumnos recibían “**despois de padecer unha enfermidade...**”; é dicir (e dende o meu punto de vista), hoxe en día, a Atención Domiciliaria debería abordarse dende 3 perspectivas:

- ✪ Antes.
- ✪ Durante.
- ✪ Despois.

Xa que hai enfermidades nas que o noso alumnado ten que recibir este tipo de educación estando aínda enfermo, en pleno proceso da enfermidade (como por exemplo na caso do cancro, no cal o alumno pode estar sendo sometido a quimioterapia ou radioterapia e ao mesmo tempo estar recibindo Atención Educativa Domiciliaria) con todo o que isto conleva:

- ✪ Días nos que o neno non está para poder traballar nas condicións que se requiren para o traballo escolar.
- ✪ Días que esté a recibir tratamento e non se poda traballar (ben sexa por unha cuestión de horarios onde coincide o tratamento coas sesións de docencia ou porque o alumno non se atopa coas suficientes forzas para traballar xa que recibiu tratamento ese mesmo día).

Unha vez tido en conta todos estes aspectos (e de seguro que haberá máis que a min se me escapan) **plantexouse o traballo co alumno dende 2 puntos de vista:**

- **Os DDMM (Dispositivos Móviles)** como forma de traballar dende a distancia pero como si esta non existira, sobre todo para o alumno. Xa que as escolas que se centran no neno son a base para a construción dunha

sociedade centrada nas persoas que respecte tanto a dignidade como as diferenzas de todos os seres humanos. Así, ao falar de **inclusión escolar** falo de acoller nunha mesma escola e nunha “mesma aula” (por razóns psicopedagóxicas e emocionais) a todos os alumnos, sen excepción, sexan cales sexan as súas condicións e características persoais.

➤ **A Aprendizaxe Cooperativa** entendida como: *“O uso didáctico de grupos reducidos de alumnos e alumnas co fin de aproveitar a interacción entre os mesmos e aprender os contidos do currículo aproveitando ao máximo as súas capacidades ademais de aprender a traballar en equipo”.*

É importante subliñar o carácter **inclusivo** que ten o proxecto (organización e estruturación da aprendizaxe de xeito cooperativo e colaborativo), sendo un dos medios máis eficaces para combater actitudes discriminatorias, creando comunidades de acollida para acadar unha educación para todos e en todo momento (independente das características físicas, psicolóxicas e emocionais).

Compre dicir que este sistema non podemos nin debemos empregalo sempre e en todo momento (debe ser combinado), xa que si facemos un abuso do seu uso, corremos o perigo de que o noso alumno confíe demasiado no traballo dos demais.

Polo tanto, a **cohesión do grupo** é unha condición necesaria pero non imprescindible nin suficiente para estruturar a actividade de xeito cooperativo e colaborativo.

Temos que ter en conta que esta forma de traballar (neste caso combinada con outras formas máis “convencionais”) en equipo, non só é un recurso para ensinar, senón que é tamén un contido máis que os nosos alumnos deben aprender (xa que neste proxecto non só actúa o noso alumno de atención domiciliaria, actúa todo o grupo-clase).

E como non queriamos que se quedase fóra da aula ordinaria, ideouse este proxecto que é para un alumno de 2º de EP e dunha contorna rural.

2. RELACIÓN COAS COMPETENCIAS CLAVE E COS OBXECTIVOS.

Tendo en conta a **lexislación** vixente na actualidade, o marco lexislativo no que nos atopamos para enfocar este proxecto é o seguinte:

- * **LOMCE:** Lei Orgánica do 8/2013 do 9 de decembro, para a Mellora da Calidade Educativa.
 - Artigo 9º: Proceso de aprendizaxe e atención individualizada.
 - Artigo 12º: Avaliacións.
 - Artigo 14º: NEAE (de aplicación o indicado no capítulo II, título I da LOE, artigos do 71 ao 79).
- * **LOE:** Lei Orgánica do 2/2006 do 3 de maio de Educación.
- * **Decreto 229/2011 do 7 de decembro polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da C.A.G.**
 - Título II: Equidade na Educación.
 - Capítulo I: Alumnado con NEAE.
 - Artigo 72: Recursos (sección 1ª: NEE).
 - Capítulo II: Marco das medidas de Atención á Diversidade.
 - Artigo 8: Ordinarias.
 - Artigo 9: Extraordinarias (neste punto sería onde estaría enfocado o proxecto).
 - Capítulo III: Tratamento do Plan Xeral de Atención á Diversidade (sección 3ª); onde teremos en conta o “Plan Xeral de Atención á Diversidade” (artigo 121.2 da LOE).
 - Capítulo IV:
 - Artigo 25: atención educativa hospitalaria e domiciliaria (DOG nº 242, mércores do 21 de decembro de 2011, páxina 37.504).
 - Capítulo V: Necesidades Específicas de Apoio Educativo.
 - Punto 2: Procedementos.
 - Artigo 33: Identificación.
 - Artigo 34: Avaliación psicopedagóxica.
 - Artigo 35: Informe psicopedagógico.
 - Capítulo VI: Recursos Humanos e materiais.
- * **Decreto 105/2014 do 4 de setembro que establece o currículo da Educación Primaria na C.A.G.**

- Capítulo II: Avaliación e promoción.
 - Artigo 12: Definición.
 - Artigo 13: Promoción.
 - Artigo 14: Documentos oficiais.
- Capítulo III: Proceso de aprendizaxe.
 - Artigo 15: Principios metodolóxicos.
 - Artigo 16: Alumnos con NEAE (ter en conta os artigos 71 ao 79 bis da LOE).
- * **Convención do 13 de Decembro de 2006 sobre os Dereitos das persoas discapacitadas.**
- * **R.D. 132/2010 do 12 de febreiro que establece os requisitos mínimos dos centros que impartan ensinanzas do 2º ciclo de Educación Infantil, Educación Primaria e Secundaria).**
- * **Orde do 27 de Decembro de 1992 que establece condicións e criterios de escolarización de alumnos con necesidades educativas especiais.**
 - Sección II: Atención Educativa Hospitalaria e domiciliaria.
 - Artigo 47: Finalidade.
 - Artigo 48: Servizos.
 - Artigo 49: Condicións para recibir.
 - Artigo 50: Solicitude.
 - Artigo 51: Programa Individualizado.

Unha vez aterrizado o proxecto a nivel lexislativo, e atendendo á LOMCE, as **COMPETENCIAS CLAVE** que se desenvolven neste proxecto son:

- **COMPETENCIA DIXITAL.**
- **COMPETENCIA DE APRENDER A APRENDER.**

COMPETENCIA DIXITAL

Entendida como aquela que implica o uso creativo, crítico e seguro das tecnoloxías da información e da comunicación para acadar os obxectivos relacionados co traballo, a empleabilidade, a aprendizaxe, o uso do tempo de lecer, a inclusión e participación na sociedade.

Esta competencia supón, a adecuación aos cambios que introducen as novas tecnoloxías na alfabetización, a lectura e a escritura , un conxunto novo de

coñecementos, habilidades e actitudes precisas hoxe en día para ser competente na contorna dixital.

Requírense actitudes e valores que permitan ao noso alumno adaptarse ás novas necesidades establecidas polas tecnoloxías. Trátase de desenvolver unha actitude activa, crítica e realista das tecnoloxías e medios tecnolóxicos.

Por outra banda, a competencia dixital implica a participación e o traballo colaborativo, así como a motivación e a curiosidade pola aprendizaxe e a mellora no uso da TICs.

É neste punto onde se basea parte do proxecto, organizando o traballo de xeito colaborativo, favorecendo o feedback e aportando motivación e curiosidade pola aprendizaxe a través das novas tecnoloxías; ademais de facilitar a comunicación e a creación de contidos.

Deste xeito, acadarase a comunicación; tomando conciencia dos diferentes medios de comunicación dixital e de varios paquetes de software e do seu funcionamento. Ao mesmo tempo, implica saber cales recursos poden compartirse e o seu valor, é dicir, coñecer o xeito no que as tecnoloxías e os medios de comunicación poden permitir diferentes formas de participación e colaboración para a creación de contidos que produzan un beneficio común.

E a creación de contidos, implica saber como os contidos dixitais poden realizarse en diversos formatos (texto, audio, vídeo, imaxes) así como identificar os programas/aplicacións que mellor se adaptan ao tipo de contido que se quere crear. Supón a contribución ao coñecemento de dominio público (wikis, foros públicos, revista apps), tendo en conta as normativas sobre os dereitos de autor e as licencias de uso e publicación da información (creative commons).

APRENDER A APRENDER

A competencia de aprender a aprender é fundamental para a aprendizaxe permanente que se produce ao longo da vida e que ten lugar en distintos contextos: formais, non formais e informais.

Está caracterizada pola habilidade para iniciar, organizar e persistir na aprendizaxe; o que esixe a capacidade para motivarse por aprender, xerando a curiosidade e a necesidade de aprender, que o alumno se sinta protagonista do proceso e resultado da súa aprendizaxe chegando a acadar as metas de aprendizaxe propostas; e polo tanto contribuíndo a motivalo para futuras tarefas de aprendizaxe.

Esta Competencia Clave require dunha organización e xestión da aprendizaxe, require coñecer e controlar os propios procesos de aprendizaxe para axustalos aos tempos e demandas das tarefas e actividades que levan á aprendizaxe; desembocando nunha aprendizaxe cada vez máis eficaz e autónoma.

Aprender a aprender inclúe coñecementos sobre os procesos mentais implicados na aprendizaxe (o como se aprende); ademais, de incorporar o coñecemento que posúe o alumno sobre o seu propio proceso de aprendizaxe que se desenvolve en tres dimensións:

- a) O coñecemento que ten acerca do que sabe e descoñece, do que é capaz de aprender, do que lle interesa, etc.
- b) O coñecemento da disciplina na que se localiza a tarefa de aprendizaxe e o coñecemento do contido concreto e das demandas da tarefa mesma.
- c) O coñecemento sobre as distintas estratexias posibles para afrontar a tarefa.

Todas elas inclúen unha **planificación** (proceso reflexivo que permite pensar antes de actuar), unha **supervisión** (analizar o curso e o axuste do proceso) e unha **avaliación do resultado e do proceso** (consolidar a aplicación de bos plans ou modificar os que resultan incorrectos).

Estas tres estratexias deberían potenciarse nos procesos de aprendizaxe e de resolución de problemas.

Esta Competencia tamén se adquire no contexto do **traballo en equipo**, os mestres deberemos de procurar que os nosos alumnos sexan conscientes do que fan para aprender e busquen alternativas; que moitas veces póñense de manifesto cando se trata de averiguar que é o que fan os demais en situacións de traballo cooperativo.

A súa adquisición debe levarse a cabo no marco da ensinanza das distintas áreas e materias do ámbito formal, e tamén do non formal e informal.

Estas Competencias Clave gardan relación directa cos **obxectivos** que para a etapa da Educación Primaria se propoñen:

- a) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo , así como actitudes de confianza en si mesmo /a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.

- b) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.
- c) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
- d) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.

Ademais dos obxectivos xerais temos a necesidade de contar cuns **obxectivos específicos** que son os que lle dan sentido a este proxecto:

- a. Favorecer a integración e inclusión do alumno no seu grupo clase de referencia aínda que a súa escolarización sexa na casa.
- b. Traballar de xeito colaborativo e cooperativo con mestre de Atención Domiciliaria, a titora e os axentes externos (informático).
- c. Desenvolver atención á diversidade empregando e poñendo ao noso servizo as TIC e os DDMM, facendo uso de apps como: evernote, soundcloud, wevideo...
- d. Crear e aplicar unha app adaptada ás necesidades do alumno.

3. PROPOSTA DE TRABAJO A TRAVÉS DOS DDMM: DESENVOLVEMENTO.

Cando se pensou en organizar o traballo para este alumno, o primeiro que se tivo en mente era que o curso que empezaba (2º de EP) non fora un curso “aillado” do seu grupo-aula de referencia. Polo tanto, a posibilidade de poder traballar “on-line” ou moitas veces “off-line” pero en tempo real na aula, con feedback (tanto por parte dos compañeiros como por parte do alumno), pareceume básico.

Quería que a *enfermidade non o desconectara* do seu día a día habitual, aínda que estivera a km do cole.

A **organización** foi a seguinte:

- a. Unha vez solicitada, tramitada e aceptada a solicitude de Atención Domiciliaria, esperouse a que asignaran un mestre; ata o mes de novembro non se puido empezar a traballar xa que non foi nomeado antes.
- b. Dende o mes de novembro ata a actualidade, traballamos en tempo real a través dun Chat de traballo (**Evernote**) e ademais creouse unha “**caderno de (nome do neno)**” onde lle vou deixando material que traballamos na aula e do que non dispón o mestre; onde tamén o mestre pode deixar documentos e traballos do neno.
- c. **Horario do mestre de atención domiciliaria:** 2 días á semana (días alternos, martes e xoves) con 2 sesións cada día (este horario xa estaba organizado polo mestre de Atención Domiciliaria).
- d. **Reunións entre mestre de atención domiciliaria-titora:** non temos un día concreto para reunirnos, xa que ao ter a posibilidade de ter un canle de comunicación a través da rede, moitas das tarefas ou dificultades que temos xa se van solucionando; de todos xeitos, foi e é preciso ter reunións físicas, que coincidían cos mesmos días nos que o mestre acode a dar docencia.
- e. **Creouse tamén unha aula virtual** para deixarlle material de traballo.
- f. **Reunións de xeito periódico** para valorar a evolución do alumno e organizar os materiais e recursos dos que dispoñemos.
- g. **Creación dunha app** para o noso alumno na que con só facer un clic teña acceso a todos as fichas e materiais de traballo organizadas por días ou semanas e traballar de xeito autónomo ou guiado por un adulto que estea nese momento a traballar con el.
- h. Tanto o mestre de atención domiciliaria coma min, dispoñemos de “smartphones” ou teléfonos intelixentes, que nos facilitan a tarefa de

comunicación inmediata, e o noso alumno ten unha tablet que tamén lle facilita este traballo.

- i. Polo tanto, dende que empezamos a traballar, enviáronse abundantes fichas de traballo complementarias ás que xa tiña el, ao mestre proporcionáronse os contrasinais dos **libros dixitais** para poder traballar do mesmo que xeito que o facemos na aula.
- j. Recibíronse (e enviáronse) **audios** onde o alumno nos pedía axuda para resolver algúns dos problemas plantexados, enviáronse saúdos da clase (Nadal, Antroido) xa que o neno está presente na aula (ten o seu sitio –con foto- para colgar o seu abrigo; está no listado xeral de encargados, sempre que hai algunha saída ou actividade diferente facemos unha foto e enviámoslla).

ESQUEMA DA ORGANIZACIÓN MENSULA DO TRABALLO

Meses	Organización
Novembro	• Primeiras reunións co mestre de Atención Domiciliaria. • Ao alumno fíxoselle unha avaliación inicial das áreas instrumentais básicas (as dúas linguas e matemáticas); como o curso pasada xa fora alumno meu, a proposta curricular e de traballo individualizado foi máis sinxela, xa que coñecía as súas carencias e as súas aptitudes. • Organización do traballo escolar: en que unidades imos traballando e como actualizar o traballo do alumno. • Propónse á familia traballar co alumno (os días que non acudía o mestre) aqueles contidos que xa foran dados na aula (deixábaselle o material preciso e podían ter comunicación comigo como co mestre) e os 2 días que acudía o mestre (2 sesións cada día) traballábase o que se daba no día a día da aula. • Explicóuselle sobre como traballar con Evernote, Soundcloud, Aula virtual... • Empezouse a pensar na posibilidade de crear unha app¹ sinxela.

¹ Durante todo o curso vaise organizando e deseñando esta app polo informático.

Decembro	• Seguimento do alumno, fíxose un informe que resumía o tempo de docencia, onde se recolleu a súa avaliación inicial e cales eran os aspectos a mellorar (sobre os que se debería incidir máis, que neste caso eran as linguas) e aqueles aos que habería que proporcionar máis materiais para motivalo.
Xaneiro	• Á volta das vacacións tivemos reunións física para valorar como estaba o alumno, e continuar co traballo. • Empeza a funcionar a Aula virtual do alumno.
Febreiro	• Deixase material de aula na aula virtual. • Vaise valorando o seu nivel de competencia curricular e de competencias clave.
Marzo	• Reunión co mestre para falar da avaliación e posteriormente coa familia. • Como o alumno vai evolucionando da súa enfermidade de xeito positivo, propónselle a familia a posibilidade que o último día de cole antes das vacacións de Semana Santa veña a recoller as notas e (na medida do posible) quede á clase como un día calquera sendo aceptada positivamente quedando todo o día no cole (dende as 9:30-16:30, incluso ao comedor). • No 2º trimestre só se avaliaron as áreas instrumentais básicas xunto coas naturais e sociais (xa que no resto de areas non se lle imparte docencia, priorizándose, xa que só recibe 4 sesións semanais de clase, e hai que ter en conta tamén o nivel emocional e físico así como a súa disposición de cara ao traballo).

Abril	• De volta das vacacións e xa encarando a recta final do curso, empeza a valorarse a súa promoción de curso ou non; na súa promoción teranse en conta aspectos emocionais e sociais (competencias clave social e cívica e de aprender a aprender) sobre os académicos, é dicir, a súa pertenza a un grupo-aula será máis beneficioso para o seu desenvolvemento persoal e académico, polo tanto aínda que teña certas dificultades na competencia lingüística e matemática, será máis positivo para o seu desenvolvemento psico-evolutivo. • Este punto quedará por determinar en función da inclusión do alumno á recta final do curso ou non (xa que hai previsión de incorporación a fins do trimestre).
Maio e Xuño	• Todo dependerá da incorporación ou non ao curso. • Si non se incorpora, seguiremos con reunións e traballo on-line e tamén se lle propondrá ao D.O. a posibilidade de facerlle unha avaliación psicopedagóxica de conceptos curriculares e académicos (sobre todo naquelas áreas nas que amosa máis dificultades), deste xeito, teremos máis información sobre a súa evolución tanto no curto como no medio e longo prazo. • Dende a titoría, tamén se fará unha avaliación final para valorar aspectos curriculares diferentes dos avaliados polo D.O. • Con todos os datos deste curso, xunto cos datos da avaliación final do curso 2014-15, teremos a suficiente información para poder falar sobre a súa promoción. • Si se incorpora, tamén se propondrá ao D.O. que valore a posibilidade de facerlle unha avaliación psicopedagóxica de conceptos básicos e de lecto-escritura.

En todo o anterior tivemos bastantes inconvintes, xa que moitas veces o sistema informático non é todo o preciso e funciona como nós quixeríamos; ademais, moitos dos días nos que o mestre tería que acudir a dar clase, o alumno tiña sesión ou de quimio ou de radioterapia, o que implicaba que si quixeramos conectarnos on-line non era posible...

4. RELFEXIÓNS FINAIS.

Como di **Richard Gever** no seu libro “*Crear hoxe a escola do mañá*” (páxina 157, capítulo 17):

“As nosas escolas deben contribuír a que os nosos nenos amplíen os seus horizontes, deben alimentar a imaxinación e desenvolver as súas aspiracións. As experiencias sono todo; sen experiencias viviríamos en lugares moi escuros”.

E como **as experiencias que temos nas nosas vidas son todo**, e non queriamos vivir nun lugar moi escuro, este foi un dos motivos polos cales se iniciou este proxecto de traballo chamado “Que a enfermidade non me desconecte”, xa que queriamos que o noso alumno non quedase sen poder desenvolver no seu contexto habitual de aula, todos os seus horizontes; que estar enfermo non supuxera un inconveniente ao desenvolvemento das súas aspiracións vitais e ademais, axudarlle a alimentar a súa imaxinación a través das TIC e todo o que con elo implica.

Este proxecto ten como un dos obxectivos específicos (no ámbito das TIC), **a creación dunha app** para que o alumno, só con tocar nesa icona, xa teña acceso a todo aquel traballo que está disposto para el, en calquera momento do día e en calquera lugar do mundo (podendo ofrecerlle a posibilidade de traballo tamén off-line, non só on-line); este último punto aínda está a ser desenvolto xa que leva un proceso e require de traballo especializado (licencias de protección de datos, imaxes...); dun axente externo ao centro –neste caso-.

Polo tanto e a modo de reflexión, é un **proxecto aberto, integrador e de aprendizaxe cooperativa e colaborativa**, onde teñen cabida todos e cada un dos que formamos parte do sistema educativo (mestres, centro, familia, axentes externos...), de xeito que sempre vai a estar en continuo cambio xa que as TIC e a sociedade actual non é estática, está viva e camiña moito máis rápido do que a nós moitas veces nos gustaría.

Son un conxunto de ideas e propostas adaptadas a un alumno concreto cunha situación concreta que sempre se pode modificar para adaptarse ás circunstancias de cada momento sen por iso, perder o contacto coa realidade da aula e mantendo a súa relación.

5. BIBLIOGRAFÍA E WEBGRAFÍA.

- ♦ GERVER, R (2010): *Crear hoy la escuela del mañana. La educación y el futuro de nuestros hijos*. Biblioteca Innovación Educativa. Ed. SM: Madrid.
- ♦ PUJOLÀS MASET, P (2008): *9 ideas clave. El aprendizaje cooperativo*. Ed. Graó: Barcelona.
- ♦ ZABALA, A.; ARNAU, L. ((2007): *11 ideas clave. Cómo aprender y enseñar competencias*. Ed. Graó. Barcelona.
- ♦ SCHOEBERLEIN, D. (2011): *Mindfulness para enseñar y aprender. Estrategias prácticas para maestros y educadores*. Gaia Ediciones: Madrid.
- ♦ <http://www.edu.xunta.es/portael/Educonvives.gal> (enlace de Educonvives –estratexia galega de convivencia escolar 2015-2020) onde se pode consultar o protocolo de atención educativa domiciliaria.
- ♦ <https://www.thinglink.com/> (para facer o traballo de fichas interactivo).
- ♦ <https://evernote.com/intl/es/> (para o traballo de Chat de aula e para a creación de cadernos de traballo e anotación on-line).
- ♦ <https://www.wevideo.com/> (editor de vídeo).
- ♦ <https://soundcloud.com/> (para el envío y recepción de audios sobre lectura del alumno).
- ♦ <http://es.creativecommons.org/blog/> (para o uso de imaxes que estean baixo licenza de libre uso).
- ♦ Páxina Web e Aula Virtual do CEIP Eduardo Pondal (Ponteceso): <http://www.edu.xunta.es/centros/ceippondalponteceso/>

O mañá pertence aos que se están a preparar para el.

Proverbio Africano.